# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
# CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI FONTE DIAZ
CURSO: 5º
MATERIA: MÚSICA

## ÍNDICE

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Incidirei sobre todo nas seguintes competencias acorde á situación actual de emerxencia sanitaria.

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.<br>▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.<br>▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.<br>▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega. | ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | ▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ a<br>▪ d | ▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.<br>▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.<br>▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. | ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL | | | | |
| ▪ j<br>▪ e<br>▪ k | ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | ▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | A Avaliación realizarase a través de probas das actividades propostas na Google Classroom. |
| **Cualificación final** | Considerando: "A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado"<br>Media aritmética das dúas primeiras avaliacións contando positivamente, se é o caso , as tarefas desenvolvidas neste terceiro trimestre. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre |
|---|
| Todo o alumnado ten conectividade, están apuntados na Google Classroom e en abalarmóbil. Outra cousa é a calidade e posibilidade de conexión nesta situación de emerxencia cas imposibilidades técnicas de conectividade no rural. Polo que se adapta individualmente e se secuencia e temporaliza as actividades e tarefas individualmente neses casos.<br>As actividades propostas son basicamente do bloque de escoita, tamén introducindo tarefas sobre repaso da linguaxe musical. A cualidade da música nos procesos formativos, emocionais e de resilencia facilita o transito nesta situación complexa na que nos atopamos. |
| **Materiais e recursos:**<br>1. Google Classroom, interación e bidireccionalidade nesta aula virtual( chat, mensaxería individualizada, presentación de tarefas e dúbidas e resolución das mesmas) https://classroom.google.com/w/OTIyMTQwMTA3MzZa/tc/OTIyMTQwMTA4MDBa |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Comunicación bidireccional, Notas informativas por abalamobil, pax Web do Centro, Google Classroom e videoconferencia (se fai falla chámase por telf.), tamén por email. |
| **Publicidade** | https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430 |